

## Comentarios postos no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### A sombra cazadora

Trata a historia de Clara e o seu irmán, de nome descoñecido ó principio da novela pero que ao final sábese porque segundo el díxollo a súa nai, chamado Teseo coma o mítico heroe que venceu ao Minotauro. O seu pai, presentador de televisión famoso (segue sendo dunha maneira bastante peculiar, e empregando unha aplicación informática falida que agora recibe o nome de: Imaxe) intenta illalos o máximo posible polo ben dos fillos. Pero ao pai escapóuselle o segredo ante unha muller e a Imaxe enteírouse da existencia destes fillos descoñecidos. O pai sacríffase por eles para que poida sobrevivir á ameaza, morre o pai e os fillos son enviados polo pai á casa do padriño que recibira indicacións do pai. O padriño axudáralles a esconder durante o máximo de tempo posible ata que a Imaxe descubriu a tapadeira e eles tiveron que esconderse na Estación 7 do ferrocarril asaltando un tren para poderen chegar alí. Pero non tiveron en conta a opción de que a Imaxe puidera chegar ata alí. Entón é cando Teseo é 'acollido pola Imaxe, así sacrificándose pola súa irmá. O libro é un bo exemplo de humildade e en especial de que as novas tecnoloxías poden ser moi prexudiciais, máis do que nos imaxinamos. **(Xi Peng)**

O libro gustoume aínda que a historia é un pouco rara. Tampouco o entendo moi ben, non son capaz de imaxinar como unha imaxe pode mandar nas persoas e asustalas tanto como para que chegasen a suicidarse, como fixo o pai. Por que a xente estaba aparrada mirando á pantalla e non falaban case? A min gústanme os libros de aventuras e misterio, pero esta historia no me gustou, non entendo ben o argumento. Aínda así algunhas partes gustáronme, como cando os irmáns foxen da casa, cando o pai lles ensina a conducir... A min a lectura fíxose un pouco aburrada e longa, non conseguín "engancharme" ao libro, por iso supoño que non me gustou demasiado. Eu non sabería dicir se o recomendo, a min non me gustou especialmente, pero seguro que hai xente que si, así que debo dicir que depende moito do gusto do lector. Para gustos hai cores. **(Itziar)**

O libro conta a historia de dous irmáns que viven co seu pai nunha casa afastada do mundo exterior e lonxe de todo. A historia é narrada polos irmáns. É unha historia moi dura. Comeza o día que Clara, a irmá maior, cumpre dezaoito anos e o seu pai morre. Antes de morrer prepáralles para saír ao mundo exterior. Explícalles que o mundo está dominado pola Imaxe. É o resultado dun experimento feito cando traballaba nunha empresa de telecomunicacións. Gravarón a súa imaxe varias veces, e cun ordenador e un escáner déronlle vida. Aínda que non sexa certo pódese dicir que a Imaxe ten vida propia porque existe dentro da pantalla, controla a vida de todo o mundo e sábeo todo. O seu poder é malo. O título do libro "A sombra cazadora" refírese a esta Imaxe que todo controla. Cando morre o pai Clara e o seu irmán van á casa do seu padriño para que lles axude a escapar da Imaxe. No seu camiño atópanse con Tocco e a súa filla, un mozo que lles axuda a chegar ata alí. O padriño escóndeos para que nin a súa muller nin o seu fillo poidan dicirlle á Imaxe que están alí, xa que estes están dominados por ela. Pero o fillo do padriño delátalos.

...

O libro pareceume un pouco triste. Aínda que na primeira parte chámase paraíso á vida na finca co pai, o que lles ocorre semella máis a vida nun cárcere. Vivían encerrados, non tiñan amigos, e non falaban con ninguén. Só coñecían o mundo a través dos libros e novelas que lían. O seu pai coidábaos ben pero non era moi agarimoso, e non lle podían ver os ollos porque sempre levaba unhas gafas negras. Cando o pai falaba do mundo díxalles que era "infernal". Tampouco tiñan nai porque morrera cando o irmá de Clara tiña 3 anos. A vida cando saen ao exterior é peor, é moi complicada e está chea de perigos e maldades. O que me parece máis preocupante do libro é que a tecnoloxía dominao todo. A Imaxe controla todo desde as súas pantallas, e fai que pareza realidade o que é falso. Pero ás imaxes non son realidade. No noso mundo podería pasar algo parecido. As veces cos videoxogos a xente confunde a realidade e a ficción. Tamén a nosa vida depende moito da televisión, internet e toda a tecnoloxía. Penso que o libro quere dicirnos que teñamos coidado e que non nos deixemos dominar polas tecnoloxías, que sexamos nos mesmos. **(Sofía)**

A sombra cazadora é un libro moi interesante, duro e un pouco triste. O libro contén unha mensaxe moi clara e fácil de entender, que se pode apreciar case dende o primeiro capítulo e que está presente ao longo do libro, xa que é a súa base. Esta mensaxe é a forma coa que as televisións destrúen a imaxinación e a creatividade das persoas. Isto quere dicirnos que pensemos por nós mesmos, non o que din nos medios de comunicación. É un tema realmente importante xa que eu tamén penso que, ás veces, botamos demasiado tempo

diante da pantalla e vemos calquera cousa, o que haxa nese momento, aínda que non nos interese. Tamén é moi importante que moita xente prefere ver a televisión a traballar, porque é unha acción moito máis sinxela. Gustoume a maneira coa que vai cambiando o narrador entre os distintos personaxes que aparecen ao longo do relato. O narrador só conta o que el mesmo sente, fai ou o que ve aos demais facer. Isto é interesante, xa que cada un ten as súas propias opinións do que pasa e tamén teñen algunhas dúbidas do que pensan os outros. Un exemplo é que varias veces Clara asústase porque o seu irmán comeza a sucumbir ao poder da imaxe. O único malo foi a dificultade para diferenciar se o narrador era Clara ou o seu irmán Teseo, porque os seus puntos de vista e as súas formas de falar eran moi semellantes. Ten un vocabulario sinxelo e que te consegue meter na pel dos personaxes. Eu puiden sentir o medo e a sorpresa que os dous protagonistas tiñan nese novo mundo descoñecido para eles, ao que tiñan que salvar da Imaxe, o seu propio pai. O peor para min foi que a historia se fixo un pouco lenta polas constantes interrupcións que acontecían para dicir o que aparecía na pantalla. Tampouco entendín ben o final do libro á primeira, mais, tras pensar un pouco sobre el, o entendín completamente e pareceume o máis axeitado para o libro. **(Andrés)**

A parte que máis me gustou deste libro foi o seu final no que aparece un comentario de "Fillo" xa dentro da televisión no que fala co lector e explica que todos están ben, aínda que a el tamén lle gustaría estar fisicamente con eles, por un lado e triste pero por outro tivo moita valentía xa que ... para salvar a súa Clara e o resto do mundo. O que menos me gustou foron as partes nas que aparecía o que saía nas pantallas entrecortando o texto, xa que para min non tiña ningún significado na lectura. Doume que pensar nos avances tecnolóxicos, e do enganchados que estamos todos a estes. Aínda que espero que non cheguemos a un caso tan drástico como o deste libro porque pareceume bastante surrealista.

O libro en xeral é sinxelo de ler e introdúcese desde o seu comezo na pel dos protagonistas. Dá que pensar nos avances tecnolóxicos, chámanse estes televisións, ordenador, telefono, videoxogos ... parece que non saberíamos vivir sen eles, forman parte da nosa vida cotiá. O que máis me gustou do libro, e como os seus protagonistas, Clara de 18 anos e o seu irmán pequeno "Fillo" fante vivir con eles, unha vida afastada da sociedade, chea de preguntas, recordos distantes, medos e incertezas. A valentía coa que se van enfrontando a realidade que hai fora dos muros que rodean a súa casa, e como "Fillo" sacrifica a súa vida para que a sociedade poida ter un futuro moito mellor. O que menos me gustou son as partes nas que ao ler o que sae nas pantallas, distraíame igual ca "Fillo" durante a historia. Houbésemme gustado un final máis sinxelo de entender e máis feliz para todos.

Este é un libro que me gustou moito aínda que é pouco realista pois fala duna sombra que ten vida propia. Trata sobre as aventuras de dous irmáns ao saír da casa na que viviran sen estar en contacto co exterior practicamente dende o nacemento do irmán pequeno. Ao principio é bastante difícil de entender pois non saber o nome do irmán confunde bastante nos diálogos e tamén cando pasa de falar un dos irmáns a falar outro, dependendo do capítulo. Tampouco entendín moi ben o final xa que é un pouco ... Os capítulos que máis me gustaron foi no que Clara e máis o seu irmán escapan da súa casa e coñecen a Miguel que lles axuda a chegar ata a casa do seu padriño, pois son os máis interesantes e os que teñen máis intriga. O libro nárrese en primeira persoa, unhas veces é Clara quen fala e outras é o seu irmán. Ás veces a vida dos personaxes parecíame un pouco deprimente pois ao comezo da historia tiñan que vivir nunha casa afastada do mundo e non podían ter outros amigos ou relacionarse, nin sequera podían ir á escola. O que me pareceu máis interesante foi cando quedan atontados diante da pantalla os dous irmáns porque a verdade é que a televisión pode ata facerte quedar na casa en lugar de saír como lles pasaba aos irmáns. Por outra banda non me gustou moito a base da historia pois é imposible permanecer incomunicados nunha finca sen que ninguén saiba que existes. Tamén me pareceu que non aclaran todas as dúbidas que se crean cando les o libro, como por exemplo porque levan os lentes. En definitiva o libro non me gustou moito pero tampouco me desgustou. **(Patricia)**